

DOLOR Y GLORIA

[Pedro Almodóvar, 2019]

505

ESTREA EN NUMAX: 29.03.2019 | V.O. | +16

Dolor y gloria (2019, 108')

Dirección: Pedro Almodóvar

Guión: Pedro Almodóvar

Elenco: Antonio Banderas, Asier Etxeandia, Penélope Cruz, Leonardo Sbaraglia, Raúl Arévalo, Julieta Serrano, Nora Navas, Neus Alborch, Rosalía, Cecilia Roth, Susi Sánchez

Montaxe: Teresa Font

Dirección de arte: María Clara Notari

Vestuario: Ana Cuerda

Son: Ana Belén Martín

Música: Alberto Iglesias

Fotografía: José Luis Alcaine

Produtora: El Deseo (España)

Distribuidora: Sony

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Julieta, 2016

La piel que habito, 2011

Volver, 2006

Todo sobre mi madre, 1999

¡Átame!, 1989

Mujeres al borde de un ataque de nervios, 1988

Pepi, Luci, Bom y otras chicas del montón, 1980

SINOPSE

Salvador Mallo é un aclamado director de cinema no seu ocaso. A súa memoria levarao até a súa infancia no pobo valenciano de Paterna nos anos 60 xunto a seus pais, os seus primeiros amores, o seu primeiro desexo, a nai, a mortalidade, o seu primeiro amor adulto xa no Madrid dos 80, a dor da ruptura deste amor cando aínda estaba vivo e palpitante, a escrita como única terapia para esquecer o inesquecível, o temperán descubrimento do cinema e o baleiro, o incommensurábel oco ante a imposibilidade de seguir rodando.

«A súa serenidade crepuscular de contida emotividade evoca os monumentais últimos filmes de cineastas como John Huston (*Dublínese*) ou Carl Theodor Dreyer (*Gertrud*)»

Manu Yáñez, ARA



“Hai que entregarse ao desexo, deixarse levar”

Entrevista con Pedro Almodóvar
Por Beatriz Martínez

Supoño que resulta inevitábel que a xente se pregunte que é real e que é ficción no filme, mesmo quen é quen na pantalla e na súa vida real. É unha tentación na que é mellor que non se caia, porque non é un filme en clave, por moito morbo que poida xerar. Hai cousas que son reais, como a escena do sudario, co que miña nai viaxaba os últimos anos da súa vida por se a morte a collía polo camiño, e outras que poderían ter sido certas pero non sucederon na realidade, como a conversa que manteñen a nai e o fillo e na que se botan en cara mutuamente non terse entendido en moitos momentos da súa vida.

Foi para vostede *Dolor y gloria* un filme catártico? A verdade é que quedei tranquilo [risas]. Tamén teño que dicir que non sei por que escribín esta historia e non outra. Tampouco sei cal era a miña necesidade de mostrarme até ese punto. Houbo un intre no que me fixen unha pregunta. Estou disposto a levar isto até as últimas consecuencias? E dixeran que si e propúxerme ter o valor de tirar de entrañas. Nese momento, sentín unha enorme liberdade.

Cando se sente máis libre? Son libre cando escribo e cando rodo.

E cando máis aliviado? Cando me sae ben un filme. Con este estou contento porque fala de partes moi sombrías de min desde un lugar moi positivo. É un filme incómodo, pero ao mesmo tempo tamén moi luminoso. E ademais recoñézome nel como director.

Segues a sentir vertixe ao rematar un filme? É que nun sabes como vai quedar e se vai funcionar. Un imaxinao dun xeito e ás veces sae doutro. *Dolor y gloria* ten solucións narrativas arriscadas e non sabía como ían encaixar todos estes elementos, eses materiais. Cando fas un filme traballas sen rede. Eu, Tarantino, Scorsese e calquera debutante.

Para vostede cinema e vida son a mesma cousa? Si, e é terríbel. Porque podes dicir que sempre podes facer outro filme. Pero non todos serven. Ademais, logo da miña operación de espalda crin que non podería estar tanto tempo de pé para rodar *Julieta* (2016), porque rodar é un acto moi físico e cómpre estar moi mentalizado. Estaba aterrado. Porén, a dor desapareceu mentres facíamos o filme e, cando o rematamos, volveu.

Así que para vostede o cinema ten algo de curativo. Iso demostra que o cinema non é que sexa importante na miña vida, e que é a miña vida. Sen o cinema a miña vida ten pouco sentido. É algo que lle transmitín ao personaxe de Antonio. Iso e o medo ao paso do tempo.

Asústalle cumprir anos? Moitísimo. Non vou ser un bo ancián. Hai xente que está preparada para se facer vella. Eu

non. Estou de acordo con Philip Roth, que dicía que a vellez non é unha doenza, é unha masacre. Teño 69 anos, son unha persoa maior, e non o levo ben. Pero ese é outro filme que non vou facer.

Bota de menos a súa xuventude? A miña vida converteuse nunha listaxe de abstinencias. Non saio, non fumo... e así sucesivamente. É o que toca, pero mentalmente boto de menos a forza da xuventude, e non é unha cuestión nostálgica. Gustaríame saír unha noite e comportarme coma no ano 82. Un pensa que con 70 anos ten outras necesidades e non é verdade. A vida nunca se axeita á idade que tes. Resígnome, traballo e vivo co que teño. Pero non me gusta a miña vida agora mesmo. Teño que atopar o modo de axeitarme, e niso estou.

O desexo vertebra boa parte da súa filmografía. Trátase dunha posición ideolóxica contra a represión? Por suposto. O desexo pode levar a lugares trágicos, pero eu estou da súa parte, paga a pena percorrer eses camiños. Supón unha perda de control e iso é o contrario da educación relixiosa que recibín. Así que si, é un posiccionamiento vital dentro da sociedade na que vives. O desexo non é un camiño de rosas, tampouco é algo que se manteña no tempo, por iso ten algo de frustrante. Pero son partidario dun xeito máis político ca biolóxico. Hai que entregarse a el, deixarse levar.

Publicado en elperiodico.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Fait NUMAX!

Abónat agora e ven sempre por